

EXPEDIENTE: 2023/E001/000001

ASUNTO: PROCESO SELECTIVO PARA FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO DE ORIENTADORES/AS LABORAIS PARA PROGRAMAS INTEGRADOS DE EMPREGO DO CONCELLO DE DODRO

TRÁMITE: RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Logo de ver a proposta remitida polo Tribunal Cualificador ao efecto de formación da bolsa de emprego de orientadores/as laborais para programas integrados de emprego do Concello de Dodro, de data 05/05/2023 na que figuran os aspirantes que superaron o proceso selectivo por orde decrecente de puntuación.

Considerando que o artigo 21.1h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 11/1999, do 21 de abril, atribúe a Alcaldía-Presidencia a xefatura superior de todo o persoal ao servizo da administración local, competencia que inclúe o seu nomeamento e contratación,
RESOLVO:

Primeiro.- Ratificar a proposta efectuada polo Tribunal Cualificador, e aprobar a relación de candidatos/as que superaron o proceso de selección e a súa orde de prelación aos efectos de formación de bolsa de emprego de orientadores/as laborais para programas integrados de emprego do Concello de Dodro.

A selección foi regulada polas bases aprobadas na Xunta de Goberno Local Extraordinaria do día 6 de febreiro de 2023 e a corrección das mesma aprobada por Resolución da Alcaldía 60/2023 do día 15 de febreiro de 2023.

O anuncio das bases corrixidas da convocatoria foi publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña o venres 24 de febreiro de 2023 (BOP núm. 38) e publicado no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Dodro.

Orde de prelación	Nome e apelidos	DNI
1	Cristina Cabo Gómez	***666***
2	Víctor Manuel Campaña Abuín	***574***
3	Noela Ces Comojo	***032***
4	María Del Carmen Díaz Miras	***071***
5	Ana Isabel Becerra Camiña	***178***

Segundo.- Publicar a presente resolución no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Dodro.

Terceiro.- Dar conta ao Pleno, de acordo co disposto no artigo 42 do ROFREL.

Dodro, documento asinado dixitalmente

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís

A secretaria-interventora, que da fe, Sandra María García Chenlo